

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN

4ºESO



CPI-PADRENDA.CRESPOS  
CURSO 2021-2022

a) Introducción e contextualización .....	3
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	3
c) Obxectivos do curso .....	7
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe por: Criterios de avaliación curriculares	
Grado mínimo de consecución Actividades	
Procedementos e instrumentos de avaliación . Temporalización.....	9
e) Concrecións metodolóxicas (modalidade presencial, semipresencial e non presencial).....	19
f) Materiais e recursos didácticos (modalidade presencial, semipresencial e non presencial) .....	20
g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado (modalidade presencial, semipresencial e non presencial) .....	21
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza .....	22
i) Avaliación Inicial .....	22
j) Medidas de atención á diversidade.....	23
k) Contidos transversais.....	23
l) Actividades complementarias e extraescolares .....	24
m) Contribución ao plan lector.....	24
n) Contribución ao plan TIC.....	24
ñ) Accións de contribución ao plan de convivencia .....	24
o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación.....	25

## A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As linguas clásicas, o latín e o grego, proporcionan unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Polo tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

A lingua latina permite entender as linguas romances. O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de latín. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

A labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas. A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesor, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

Asimesmo, as competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual. A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente nos contidos referidos á romanización de Hispania e da Gallaecia. A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Por outra parte, o número de alumnos matriculados na materia é de 3 alumnos no actual curso de 4º ESO.

**Dada a excepcionalidade producida polo COVID 19 no contexto social e educativo actual, mencionamos aquí o Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022 aprobado no Comité Clínico do 06 de xullo de 2021 para dar resposta ás medidas y particularidades establecidas na Orde Comunicada da ministra de sanidade, do 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante el curso 2021-2022. Ademais seguiremos o Plan de adaptación á situación covid 19 no curso 2021-2022 do CPI Padrenda-Crespos, elaborado polo equipo directivo a comezos do presente curso escolar.. Estes documentos servirán de referencia para as diferentes actuacións do alumnado e profesorado.**

## B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Non se pode establecer unha relación exclusiva entre materias e competencias; a relación entre competencias e materias é transversal, é dicir, ao desenvolvemento dunha competencia contribúese desde todas as materias en maior ou menor medida e, en consecuencia, desde unha materia contribúese ao desenvolvemento de todas as competencias, igualmente, en maior ou menor medida. Así pois, na aprendizaxe por competencias, a materia de Latín desempeña un papel esencial xunto ás demais materias que cursa o alumno.

**Competencia en comunicación lingüística:** A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. A materia de Latín contribúe de forma especial e significativa ao desenvolvemento da mesma desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursan a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes.

A nosa materia aporta ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- ✓ Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e lecer.
- ✓ Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e das linguas estranxeiras.
- ✓ Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- ✓ Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- ✓ Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- ✓ Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- ✓ Facilidade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- ✓ Fomento da capacidade creativa lingüística.
- ✓ Melloría na comprensión e a emisión de mensaxes orais e escritas.

- ✓ Mellora na motivación da aprendizaxe a partir da melloría na comprensión e expresión lingüística.
- ✓ Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- ✓ Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** A contribución da materia de Latín a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- ✓ Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.
- ✓ Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- ✓ Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relación e situacións.
- ✓ Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- ✓ Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos etc.
- ✓ Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- ✓ Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios e disciplina.
- ✓ Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios. Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- ✓ Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- ✓ Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

**Competencia dixital:** Na materia de Latín, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais convértese nun instrumento imprescindible no proceso de ensinoaprendizaxe da materia. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- ✓ Fomento do traballo colaborativo.
- ✓ Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- ✓ Procura de información mediante motores de procura.
- ✓ Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.

- ✓ Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.)
- ✓ Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

**Competencia en Aprender a aprender:** A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe. Iso conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo séntase protagonista da súa aprendizaxe:

- ✓ Motivación por aprender.
- ✓ Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- ✓ Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- ✓ Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- ✓ Capacidade de aprendizaxe en grupo.

**Competencias sociais e cívicas:** O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supón unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- ✓ Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- ✓ Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento do seu diversidade histórica.
- ✓ Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- ✓ Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- ✓ Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- ✓ Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- ✓ Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entrediferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- ✓ Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- ✓ Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- ✓ Respeto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** Temos que ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumno para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Latín mediante:

- ✓ Capacidade para pensar de forma creativa.

- ✓ Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- ✓ Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- ✓ Comunicación e presentación de proxectos.
- ✓ Capacidade de traballo individual e en grupo.
- ✓ Capacidade de autoavaliación.
- ✓ Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

**Conciencia e expresións culturais:** O coñecemento e achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Roma antiga contribúe de xeito especial ao desenvolvemento desta competencia:

- ✓ Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga.
- ✓ Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- ✓ Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea.
- ✓ Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- ✓ Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- ✓ Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea.
- ✓ Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

### C) OBXECTIVOS

A Educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

A) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

B) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

C) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera

condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

D) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

E) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

F) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

G) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

H) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

I) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

J) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

K) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

L) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

LL) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

M) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A materia de Latín contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de pequenos textos de dificultade progresiva utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina
- Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e relacionar compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina coas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como unha das claves para a súa interpretación.
- Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos, inscricións, textos e outras fontes de información (bibliográficas, informáticas, audiovisuais), relacionando elementos dispersos e analizar criticamente as súas interpretacións e constatar a súa presenza ao longo da historia.



- Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingualatina como instrumento transmisor da cultura.
- Valorar a contribución do mundo romano como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

**A. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

**Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances**

**OBXECTIVOS:** f ñ o

**CONTIDOS:** B1.1. Marco xeográfico da lingua.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

**PROCEDIMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**GRAO MÍNIMO:** Identifica o marco xeográfico da lingua latina.

**COMPETENCIAS:** CMCCT CCEC CAA CD CSC

**OBXECTIVOS:** e ñ o

**CONTIDOS:** B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.

**PROCEDIMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece as linguas europeas e sinálaas nun mapa

**COMPETENCIAS:** CD CAA CMCCT

**OBXECTIVOS:** l ñ o

**CONTIDOS:** B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece a orixe das linguas faladas en España

**COMPETENCIAS:** CSC CAA CD

**OBXECTIVOS:** f ñ o

**CONTIDOS:** B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**GRAO MÍNIMO:** Distingue a orixe patrimonial, culta e semiculta das palabras

**COMPETENCIAS:** CCL CAA

**OBXECTIVOS:** b ñ o

**CONTIDOS:** B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**GRAO MÍNIMO:** Coñece as regras de evolución fonética do latín castelán e do galego.

**COMPETENCIAS:** CCL CAA

## Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos

**OBXECTIVOS:** e

**CONTIDOS:** B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.

**GRAO MÍNIMO:** Coñece o abecedario e a pronunciación do latín

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Lectura de textos latinos

**COMPETENCIAS:** CD CCEC

**OBJECTIVOS:** h

**CONTIDOS:** B2.3. Pronuncia do latín.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronunciaen latín.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

**GRAO MÍNIMO:** Realiza a lectura de textos e recoñece termos transparentes

**PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:** Lectura de fragmentos textuais

**COMPETENCIAS:** CCL

### Bloque 3. Morfoloxía

**OBJECTIVOS:** b

**CONTIDOS:** B3.1. Formantes das palabras.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece o latín como lingua flexiva e identifica os casos e os seus principais valores sintácticos

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Exercicios de morfoloxía e sintaxis

**COMPETENCIAS:** CMCCT CCL

**OBJECTIVOS:** e

**CONTIDOS:** B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece as clases de palabras, a flexión nominal, pronominal e verbal e compara cos elementos flexivos das linguas actuais.

**INSTRUMENTOS AVALIACIÓN:** Exercicios libro de texto. Material fotocopias.

**COMPETENCIAS:** CAA CCL

**OBXECTIVOS:** e b

**CONTIDOS:** B3.3. Concepto de declinación e conxugación.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.

**GRAO MÍNIMO:** Coñece as diferentes declinacións latinas

**COMPETENCIAS:** CAA CCL

**OBXECTIVOS:** b e

**CONTIDOS:** B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

**GRAO MÍNIMO:** Identifica a flexión dos nomes e adxectivos latinos relacionándoos coa declinación correspondente.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Actividades libro de texto

**COMPETENCIAS:** CD CCL

**OBXECTIVOS:** b e

**CONTIDOS:** B3.5. Flexión verbal.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

**GRAO MÍNIMO:** Analiza as formas verbais nos textos e identifica a súa conxugación.

**PROCEDIMENTOS AVALIACIÓN:** Actividades libro de texto

**COMPETENCIAS:** CAA CCL

#### Bloque 4. Sintaxe

**OBXECTIVOS:** f

**CONTIDOS:** B4.1. Elementos da oración.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

**GRAO MÍNIMO:** Realiza correctamente análise morfológico y sintáctico de frases y textos distinguiendo las categorías gramaticales.

**PROCEDIMENTOS AVALIACIÓN:** Recursos fotocopiables

**COMPETENCIAS:** CMCCT

**OBXECTIVOS:** b

**CONTIDOS:** B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas .

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece las oraciones simples y analiza sus componentes

**INSTRUMENTOS AVALIACIÓN:** Actividades del libro de texto y recursos fotocopiables.

**COMPETENCIAS:** CMCCT CCA CCL

**OBXECTIVOS:** e

**CONTIDOS:** B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.

**GRAO MÍNIMO:** Distingue las oraciones simples y compuestas

**COMPETENCIAS:** CAA CMCCT CCL

**OBXECTIVOS:** h

**CONTIDOS:** B4.6. Construción s de infinitivo e de participio máis transparentes.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE LAB4.6.1.** Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.

**GRAO MÍNIMO:** Traduce textos sinxelos e recoñece as estruturas de infinitivo, xerundio e participio.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Recursos fotocopiabes

**COMPETENCIAS:** CCL

#### Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

**OBXECTIVOS:** a f e ñ

**CONTIDOS:** B5.1. Períodos da historia de Roma

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece feitos históricos da historia de Roma.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Lecturas, probas escritas

**COMPETENCIAS:** CSC CSIEE CD

**OBXECTIVOS:** a ñ

**CONTIDOS:** B5.2. Organización política e social de Roma.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

**GRAO MÍNIMO:** Analiza as estruturas sociais e políticas Do sistema romano.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**COMPETENCIAS:** CSIEE CSC CCL

**OBXECTIVOS:** l n

**CONTIDOS:** B5.4. Mitoloxía e relixión.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

**ESTÁNDARES AVALIACIÓN:** LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece a mitoloxía na literatura e nas artes plásticas e visuais.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Presentacións orais

**COMPETENCIAS:** CCEC CCL CD

**OBXECTIVOS:** n ñ

**CONTIDOS:** B5.4. Mitoloxía e relixión.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.

**GRAO MÍNIMO:** Coñece elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións literarias e artísticas de todo tipo e interpretación do seu significado.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Probas orais

**COMPETENCIAS:** CAA CCEC CD

## Bloque 6. Textos

**OBXECTIVOS:** h

**CONTIDOS:** B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

**GRAO MÍNIMO:** Aplica os coñecementos morfolóxicos e sintácticos para a tradución de textos breves.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Probas escritas

**COMPETENCIAS:** CCL CAA

**OBXECTIVOS:** h

**CONTIDOS:** B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** emprega materiais para a realización de traducións de frases e textos.

**COMPETENCIAS:** CCL CAA

**OBXECTIVOS:** l f

**CONTIDOS:** B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.

**GRAO MÍNIMO:** Analiza os textos atendendo a criterios diversos, culturais e gramaticais.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Rúbrica

**COMPETENCIAS:** CCEC CCL

**OBXECTIVOS:** b

**CONTIDOS:** B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

**GRAO MÍNIMO:** Realiza actividades de redacción de pequenos textos na lingua latina.

**PROCEDEMENTO AVALIACIÓN:** Probas escritas



**COMPETENCIAS:** CCL.

**OBXECTIVOS:** g

**CONTIDOS:** B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

**GRAO MÍNIMO:** Realiza diálogos sinxelos sobre diversos temas.

**INSTRUMENTO AVALIACIÓN:** Rúbrica

**COMPETENCIA:** CCL

## Bloque 7. Léxico

**OBXECTIVOS:** h ñ o

**CONTIDOS:** B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.

**GRAO MÍNIMO:** Traduce termos do latín ó galego ou castelán.

**PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN:** Actividades do libro de texto.

**COMPETENCIAS:** CAA CCL

**OBXETIVOS:** b ñ o

**CONTIDOS:** B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

**GRAO MÍNIMO:** Recoñece a formación de palabras, así como os prefixos e sufixos e relaciona a existencia deles na propia lingua.

**COMPETENCIAS:** CMCCT CCL

**OBXECTIVOS:** e b

**CONTIDOS:** B7.3. Locucións latinas de uso actual.

**CRITERIOS AVALIACIÓN:** B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

**ESTÁNDARES APRENDIZAXE:** LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

**GRAO MÍNIMO:** Identifica o valor das diferentes locucións latinas.

**COMPETENCIAS:** CD CSC CCEC CCL

## TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos da materia de latín son de diferente natureza, algúns deles pódense temporalizar nun momento determinado, mentres que outros, o labor de tradución, por exemplo, están presentes practicamente en cada unha das sesións durante todo o curso. Haberá que ter en conta esta característica especial da materia, o propio desenvolvemento da clase e as preferencias e o interese amosado polos alumnos polos distintos contidos da materia. Seguimos o libro de ANAYA

### 1ª AVALIACIÓN

---

#### Tema 1

Introdución á lingua latina - O indoeuropeo. O latín culto. O latín vulgar e as linguas romances. - O alfabeto latino. A historia da escritura. Os fonemas latinos. A Acentuación. Os números romanos. - Palabras patrimoniais e cultismos. A formación de palabras (derivación e composición). Latinismos.

#### Tema 2

Roma - A ubicación de Roma. A fundación de Roma. Un primeiro acercamento á Urbe. - As palabras latinas: a primeira declinación. Latinismos. Formación de palabras: -m final de palabra e -e final átona. Prefixos. - As clases de palabras: variables e invariables. As partes da palabra (raíz e morfema). O xénero, o número e o caso. - Tradución.

#### Tema 3

A historia de Roma - Roma e os romanos: a Monarquía a República, o Imperio. - A segunda declinación. Substantivos e adxectivos. Formación de palabras: -u final átona e s- inicial. Latinismos. Sufixos. - Tradución. Tema 4. Roma en Hispania - Roma e os romanos. A conquista de Península Ibérica. A organización política. A organización social. A organización económica. A pegada artística de Roma en Hispania.

### 2ª AVALIACIÓN

---

#### Tema 4

A organización social. - Roma e os romanos: as clases sociais. Os cidadáns. - As palabras latinas: a terceira declinación. Latinismos. A historia das palabras: consonantes dobres, ll, nn. A forma das palabras: prefixos. - A terceira declinación: temas en consoante. O imperfecto de indicativo. A oración composta: as oracións coordinadas (copulativas e adversativas)

### **Tema 5**

A organización política. - Roma e os romanos: as maxistraturas. O senado. As asembleas.  
- As palabras latinas: substantivos e adxectivos da terceira declinación. Latinismos. A historia das palabras: oclusivas sonoras intervocálicas e grupos -ns-, -gn-. A forma das palabras: sufixos. - Terceira declinación: os temas en -i. Adxectivos da terceira declinación. Futuro imperfecto de indicativo.

### **Tema 6**

A organización militar. - Roma e os romanos. A organización do exército romano. A estratexia militar.  
- As palabras latinas: a cuarta e a quinta declinación. Latinismos. A historia das palabras: o breve tónica e e breve tónica. A forma das palabras: lexemas. - As conxugacións. A cuarta declinación. A quinta declinación. O verbo. O enunciado do verbo. O tema de perfecto. O pretérito perfecto de indicativo.

## **3ª AVALIACIÓN**

---

### **Tema 7**

A relixión. - Roma e os romanos. A relixión en Roma. Os cultos. As divindades. As palabras latinas: substantivos, adxectivos, verbos. A historia das palabras: vogais átonas postónicas, f inicial ante vocal. A forma das palabras: o vocabulario da ciencia e da técnica. - Os pronomes demostrativos. Os pronomes persoais, o pretérito pluscuamperfecto de indicativo e o futuro perfecto de indicativo.

### **Tema 8**

A familia e a educación.- Roma e os romanos. O matrimonio. A infancia. A educación. A educación física. - As palabras latinas. Substantivos, adxectivos, verbos. Latinismos. A historia das palabras: grupos iniciais cl-, fl-, pl- e grupo -ct-. A forma das palabras: o corpo humano. Os números. - O modo verbal. O subxuntivo. O presente de subxuntivo. O pretérito imperfecto de subxuntivo. O pretérito perfecto de subxuntivo. O pretérito pluscuamperfecto de subxuntivo. Os numerais.

### **Tema 9**

O ocio.- Roma e os romanos: Ludi circenses. Ludi scaenici. Outras diversións: as termas e o banquete.  
- As palabras latinas: substantivos, verbos. Latinismos. A historia das palabras: grupo -cul- postónico e grupo intervocálico -li-. A forma das palabras: a sociedade. Percepción e sentimentos. - O infinitivo. O infinitivo de perfecto activo. As funcións dos casos.

## **A. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

Os principios pedagóxicos que se estiman para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza gardan relación cos propios desta etapa educativa da educación básica e cos derivados da adquisición de competencias. Deste modo, teranse en conta as seguintes consideracións, coa perspectiva das características de etapa.

-Facilitar o acceso de todo o alumnado á educación común, coas medidas necesarias de atención a diversidade.

- Atender ós diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas adecuando o seu logro progresivo ás características do alumnado, do curso e da materia.
- Predispoñer e reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados para tal fin.
- Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- Incidir, así mesmo, na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Desprazar os procesos de ensinanza referidos á transmisión de informacións e coñecementos polos de adquisición de capacidades e competencias. Neste senso primar o coñecemento aplicado, o saber práctico fronte á aprendizaxe memorística.
- Estimular a búsqueda, selección, análise crítico, tratamento, presentación e aplicación dos coñecementos; de tal xeito que a función docente se vincule a “titorizar” a aprendizaxe, estimular e acompañar.
- Aproximar a natureza do coñecemento á situacións cotiás e á problemas prácticos, ós contextos e entornas sociais para que a aprendizaxe resulte relevante.
- Facilitar situacións que requiran procesos de metacognición do alumnado e axuden a adquirir habilidades de autorregulación.
- Recorrer á actividades didácticas en clave de “situacións-problema”, nas que se requiren procesos cognitivos variados e a aplicación do que se sabe o do que se sabe facer á situacións que resultan próximas, habituais e previsibles.
- Alternar e diversificar as actuacións e situacións de aprendizaxe de acordo coa motivación e intereses do alumnado. -Utilizar a cooperación entre iguais como experiencia didáctica.

**Estes datos corresponden integramente á modalidade presencial.**

- **Modalidade semipresencial:** no caso de que o alumnado non poida asistir ás aulas por toparse en corentena, ou ben porque se proceda a pechar temporalmente un aula ou todo o centro escolar, o alumnado terá acceso a todo el material que se estea traballando en ese momento mediante el Aula Virtual para seguir en la medida de lo posible la temporalización prevista.
- **Modalidade non presencial:** no caso da suspensión de la actividade académica por prescripción das autoridades sanitarias a Aula Virtual converterase en la ferramenta de traballo diario y supoñería a canle exclusiva de comunicación entre o alumnado y o profesor. Neste caso, todas las tarefas solicitadas serán avaliadas con posterioridade.

**B. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

- Libro do alumno:- 4º ESO: Latín Editorial Anaya
- Dicionarios para a etapa de Secundaria: haberá, como mínimo, un na aula.
- Aula de Informática y Biblioteca. En ambos espazos desenvolveremos contidos relacionadoscoas TIC y poremos en práctica o proxecto lector do centro.

▪ Caderno de actividades.

O profesor ademais aportará aos alumnos o material didáctico necesario para o desenvolvemento da materia: apuntes, vídeos, libros de autores clásicos, mapas, diapositivas, xogos, etc. Recursos TIC, actividades dispoñibles na rede e elaboradas polo alumnado.

No caso de producirse un escenario de docencia semipresencial procederase a empregar os recursos dixitais dispoñibles, principalmente el Aula Virtual, realizando as mesmas actividades que se fagan na aula. No hipotético caso de docencia non presencial, o peso de los materiais e recursos descansará exclusivamente na Aula Virtual, sendo avaliados, como xa dixemos, todos los traballos que o profesor solicite.

### C. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Na avaliación terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases ou na casa.

A nota global da materia será a nota aritmética das tres avaliacións coas seguintes excepcións:

- Dada a natureza progresiva e continuada da materia, só se procederá á realización de probas de recuperación na terceira avaliación.
  - O traballo de tradución é progresivo, polo tanto, o feito de acadar un aprobado na terceira avaliación en tradución recupera posibles suspensos anteriores da parte de tradución.
  - Os coñecementos sobre cultura e civilización latina deberán superarse por separado en cada unha das tres avaliacións.
  - En cada avaliación haberá dúas probas escritas, sobre gramática e civilización, podendo substituír este último por traballo e exposición dun tema A cualificación da avaliación obterase da media aritmética das notas das probas realizadas.
- ❖ **Dous exames por trimestre: 80%,**
- ❖ **Actividades diarias e participación na aula: 20%**

Os exames feitos durante as distintas avaliacións ponderarán todos por igual. As avaliacións suspensas recuperaranse aprobando a avaliación seguinte.

**PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO** Consistirá nunha proba escrita con dúas partes ben diferenciadas; unha, de carácter teórico, abranguendo textos lingüísticos e culturais, e outra, de carácter práctico. A cualificación será de ata catro puntos a primeira parte e até seis puntos para a segunda.

**A avaliación semipresencial** tentará, na medida do posible, recoller todo o material que o alumno traballe tanto en clase como en casa para a súa avaliación. Tentaranse realizar os exames no Centro, modificando as datas se fose necesario e existe unha xustificación axeitada. De producirse o caso de coincidir períodos presenciais con non presenciais, a avaliación levaría a cabo mediante a valoración e puntuación media obtida en ambas as modalidades.

**No escenario non presencial** avaliaranse todas as actividades solicitadas polo profesor, así como as posibles probas que leven a cabo a través da aula Virtual ou o correo electrónico, quedando anulada a cualificación de todo aquilo entregado fóra de prazo e visiblemente copiada ou elaborada por calquera outra persoa que non sexa a propia alumna ou alumno.

As porcentaxes aplicables neste caso son:

**50% probas escritas**

**50% traballo e participación na aula Virtual, actitude cara á materia (presentación das actividades, realización de tarefas en casa, participación en proxectos, lecturas, etc.)**

En caso de producirse unha avaliación non presencial en setembro, a proba realizarase mediante medios virtuais, como a aula Virtual, o correo electrónico ou outro medio dispoñible polo alumnado.

**D. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.  
INDICADORES VALORACIÓN MELLORA**

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como podemelloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades para a aprendizaxe.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan aos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados consuficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.

**I) AVALIACIÓN INICIAL**

Por ser alumnado que se inicia de novo na materia de latín seguiremos o procedemento da avaliación continua, xustificando pola propia esencia da materia e en cómo se van desenvolvendo os contidos ao longo dos trimestres, dunha maneira evidentemente progresiva. Neste grupo realízase unha proba de gramática, vocabulario y cultura latina.

## J) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O principio de continuidade na avaliación permite prestar unha atención ás diferencias que os alumnos van mostrando nas actividades que aplican e concretan os conceptos, procedementos e actitudes seleccionados. Iso fai posible organizar actividades de apoio, para os alumnos que mostren algunha dificultade, e actividades de desenvolvemento, para quen mostre un maior interese e capacidade. Con obxecto de establecer unhas medidas que se axusten á realidade dos nosos alumnos e alumnas, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros

### Que valorar:

- Rendemento do alumno nas materias e etapas anteriores.
- Personalidade
- Aficións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia, etc.

### Como obter a información:

- Cuestionario previo ós alumnos.
- Avaliación inicial.
- Entrevista individual.
  - Entrevista con pais. De este modo, prevense distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos y alumnas. Podemos distinguir diferentes formas de abordar a atención á diversidade:
- Materiais optativos.
- Adaptacións curriculares non significativas.
- Adaptacións curriculares significativas.

## K) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

Ademais de coidar escrupulosamente o emprego do linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, formulamos directamente aqueles temas transversais ós que os contidos desenvolvidos se prestan especialmente.

**-Educación non sexista:** A educación para a igualdade entre os home e as mulleres se maniféstase de forma xeral durante o desenvolvemento da materia a través dun reparto non discriminatorio dos diferentes tipos de tarefas. Foméntase a igualdade

**-Educación para a convivencia:** a educación moral e cívica encontra espazos de tratamento nos contidos relacionados co traballo en grupo e a cooperación co grupo.

**-Educación para o consumidor:** a educación para o consumo ten un tratamento xeral nos contidos relacionados coa publicidade, dereitos de autor/a.

**-Educación para a paz:** Evitando conflitos entre os compoñentes dos grupos de traballo ou entre os compañeiros de aula, etc.

#### **I) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO.**

Ó longo do curso estudarase as posibilidades de organizar actividades virtuais de interese para os alumnos relacionadas co estudio da cultura e lingua latina, como, por exemplo, unha visita guiada ao Campamento Romano de “A Cidá” en Bande.

#### **M) PARTICIPACIÓN NO PROXECTO LECTOR DO CENTRO**

O proxecto lector incide no aspecto máis lúdico da actividade lectora, neste departamento en concreto, na temática do ámbito da cultura clásica e as súas pegadas no mundo actual. Resulta interesante e didáctico o comentario e a recomendación de lecturas apropiadas e amenas para o alumnado como unha práctica máis da aprendizaxe; desta maneira se consegue que o alumnado teña unha visión máis interdisciplinar do profesorado, sen encadrar a cada profesional na súa única disciplina, observando así unha integración en todos os aspectos do saber.

Posibles Lecturas: *Mitos griegos*. María Angelidou. Ed. Vicens Vives. Calquera da colección de Asterix. Selección de distintos textos propostos polo Departamento.

#### **N) CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC**

-Exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC utilizando diferentes programas informáticos e o retroproector.

-Manexo dos principais programas ofimáticos: procesadores de texto e presentacións sinxelas.

-Fomento do uso da rede Internet como ferramenta para obter, interpretar e avaliar información para realizar traballos.

-Promoción da utilización dos servizos de Internet: consulta de páxinas web, correo electrónico, chats, grupos de noticias, foros e transferencias de arquivos.

-Ocupar a aula de Informática para realizar diversos traballos de carácter obrigatorio onde se valorará a procura de información en diversas páxinas de internet, o tratamento da información obtida e a presentación deste traballo empregando os programas ofimáticos.

-Igualmente vólvese fundamental o correcto manexo da Aula Virtual para poder seguir o curso con normalidade.

#### **Ñ) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

Neste departamento se contribuirá ao plan de convivencia do Centro coas seguintes accións:

-Control de faltas de asistencia

-Asistencia ao titor do alumno

-Asistencia ás familias



-Fomento na aula da liberdade, igualdade, e na resolución de problemas.

## **O) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Desde unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados.

1. O primeiro deles convídanos, tras a súa planificación e previamente ao seu desenvolvemento e aplicación en unidades, a comprobar a inclusión, idoneidade e pertinencia de todos os elementos curriculares prescritivos.

2. O segundo momento, reorientación continua que a aplicación na aula da programación, pode achegar sobre os procesos de implementación. Instrumentos de avaliación como o caderno ou diario do profesor e o rexistro anecdótico, achegarán consideracións, xuízos, suxestións, que logo serán obxecto dunha máis profunda reflexión ao final do proceso avaliador. As opinións do alumnado a través dos seus autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino e aprendizaxe.

3. Por último, será ao final do proceso, tras a aplicación real da programación, cando teñamos unha perspectiva máis completa que se completará cos resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado. A conxunción dos tres momentos xera información fiable e válida suficiente para emitir xuízos de valor que dean soporte á función formativa da avaliación e permitan reconducir, tomar decisións e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

### **ÍTEMS DA AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

➤ **(0= non se contempla 1= contéplase de forma parcial 2= ben 3= excelente)**

#### **OBXECTIVOS**

1. Inclúense os obxectivos xerais da materia e coa numeración establecida na orde curricular.
2. Quedan conectados cos criterios de avaliación e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo do curso.

#### ➤ **COMPETENCIAS BÁSICAS**

1. Especificase o tratamento xeral que se lle vai dar a cada competencia ao expoñer a contribución da materia ao desenvolvemento das mesmas.
2. Conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas.
3. Preséntanse estratexias de animación á lectura e ao desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.
4. Consideración de medidas para utilizar as TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe.

#### ➤ **CONTIDOS**

1. Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.
2. Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais.
3. A súa vinculación con situacións reais, significativas, funcionais ou motivadoras para o alumnado.

## ➤ AVALIACIÓN

1. Inclúense os CA da materia e coa numeración establecida na orde curricular.
2. Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación dos CA do currículo.
3. Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles.
4. Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.
5. Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación.
6. Para cada un dos CA indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo.
7. Os indicadores que expresan os mínimos esixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición.
8. Actividades de orientación e apoio encamiñadas á superación das probas extraordinarias.
9. Actividades de recuperación para os alumnos coa materia non superada en cursos anteriores e orientacións e apoios para lograr a devandita recuperación.
10. Información ás familias e ao alumnado dos CA, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles.
11. Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos.
12. Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoavaliación e a coavaliación polo alumnado.

## ➤ METODOLOXÍA

1. Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino.
2. Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo do aprendizaxe.
3. Relevancia da aplicación práctica do coñecemento, da súa funcionalidade e utilidade para adquirir novas aprendizaxes.
4. Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos e funcionais para o alumnado.